



COLEXIO  
PROFESIONAL  
DE XORNALISTAS  
DE GALICIA



## ACTA DO XV PREMIO JOSÉ COUSO DE LIBERDADE DE PRENSA

Este luns cumpríronse 16 anos do asasinato de José Couso no Hotel Palestina de Bagdad. Ese día non só morreu un compañeiro, senón que tamén comezou un triste periplo para conseguir xustiza para el e para o xornalista ucraíno Taras Protsyuk. Nese momento fomos conscientes de que aquel crime era un atentado contra a liberdade de prensa. Segou unha vida para acalar a voz de quen quería contar a verdade, privando á cidadanía dun dos dereitos fundamentais como é a liberdade de información.

Os e as xornalistas galegas quixemos dende o primeiro momento que ese crime, non só non quedase impugne, senón que non quedase no esquecemento. Por iso, creamos un premio que nos lembrese cada ano que son moitos, demasiados sempre, os xornalistas perden a vida no exercicio da súa profesión.

Hoxe fallamos, por decimo quinto ano consecutivo, o Premio José Couso de Liberdade de Prensa, coa mesma ilusión que o facíamos o primeiro ano por ter un certame propio, por e para os xornalistas; lembrando aos profesionais da comunicación que arriscan, ou mesmo ás veces, perden a vida mentres defenden o dereito a liberdade de prensa, un dereito universal que reivindicamos ano tras ano baixo a figura do ferrolán José Couso, como símbolo de defensa do dereito a informar e a ser informado.

2018 non foi unha excepción en canto a liberdade de prensa. Reporteiros Sen Fronteiras contabilizou ata 84 xornalistas asasinados (entre profesionais da comunicación e colaboradores), cifra sensiblemente superior a de anos anteriores. Entre eles atópase o xornalista saudí e columnista de opinión de The Washington Post *Jamal Khashoggi*. *Khashoggi* foi asasinado no consulado de Arabia Saudita en Istanbul, o seu corpo desapareceu e a investigación do sucedido continua aberta.

Ao longo destes anos, o espírito do premio queda representado polos premiados e premiadas, elixidos a través dos votos dos membros do Colexio de Xornalistas e do Club de Prensa: Ali Lmrabet (2005); *Le Monde Diplomatique* (2006); Jon Lee Anderson (2007); o finado José Vidal-Beneyto (2008); Rosa María Calaf (2009); Daniel Anido e Rodolfo Irago (2010); WikiLeaks (2011); o Consejo de Informativos de TVE (2012); Mónica G. Prieto (2013); Marc Marginedas, Javier Espinosa e Ricardo García Vilanova (2014);

Jordi Évole (2015); Miguel Angel Aguilar (2016); Xosé Andrés Vázquez Hermida (2017); e Julia Otero (2018).

Na décimo quita edición concorreron catro candidaturas: **Carole Cadwalladr**, xornalista de *The Guardian* e do seu dominical, *The Observer*, comezou en 2016 unha investigación que acabou desenmascarando o escándalo de *Cambridge Analytica*; **#DefendeAGalega**, lema da mobilización semanal dos traballadores dos medios públicos galegos en defensa do valor da información pública; **O Diario de Mallorca e as delegacións baleares de Europa Press e Efe** vítimas de rexistros, por orde xudicial, no que se buscaba datos sobre as súas fontes de información, nun atentado intolerábel contra o segredo profesional; e **Juan Moreno**, xornalista español radicado en Alemaña, quen realizou unha investigación sobre as fontes da reportaxe "Jaegers Grenze", publicada por Claas Relotius en *Der Spiegel*, e desvelou a fraude xornalística protagonizada por unha das estrelas do xornalismo alemán.

O mércores 10 de abril, ás 18:30 horas, nun acto que tivo lugar en Santiago de Compostela, procedeuse ao recuento dos votos emitidos. Esta operación foi supervisada e avalada polo señor notario D. **Héctor Pardo** do Ilustre Colexio Notarial de Galicia, quen deixou fe do recuento na acta número **383** do seu protocolo.

Abertos os votos e recontados polo notario, este levantou acta da repartición dos mesmos entre as catro candidaturas que optaban ao galardón. Como consecuencia deste escrutinio, resultou vencedora, con maioría suficiente e sen necesidade de voto de calidade do presidente do xurado, a candidatura de **#DefendeAGalega**.

A organización transmitiulle a súa felicitación aos xornalistas que compoñen a iniciativa e que semana tras semana reivindican uns medios públicos libres e plurais nos chamados **venres negros**.

E, para que así conste, asínase esta acta en Santiago de Compostela, 10 de abril de 2019.

Darío Janeiro  
Secretario do Premio José Couso